

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN, REFERENCIA 2020/CP/047, PARA UN/HA COLABORADOR/A PARA DESENVOLVER TAREFAS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL

O 02/03/2020 publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web a convocatoria coas bases para a selección e contratación laboral dun/ha técnico/a administrativo/a a tempo completo, referencia 2020/CP/047, cuxo prazo para presentar as solicitudes remataba o 16/03/2020.

O inicio do contrato estaba previsto para o 01/05/2020.

O 14/03/2020 publicouse o Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma como consecuencia da crise sanitaria provocada polo COVID-19.

A disposición adicional 3ª do devandito Real decreto, que establece a suspensión dos prazos e termos administrativos, afectou ó prazo de presentación de solicitudes da praza 2020/CP/047, que segue aberto e, en consecuencia, non se puido resolver a convocatoria.

De acordo co artigo 93 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, publícase a DESISTENCIA da convocatoria de contratación 2020/CP/047 debido á imposibilidade de resolver en prazo a devandita convocatoria e a que se prorrogou un contrato coas mesmas tarefas da praza que se convocou.

María Jesús Movilla Fernández

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Código Seguro De Verificación	+Jx0UaMdmQ6Xlrzvece33w==		
Asinado Por	María Jesús Movilla Fernández - Vicerr. Do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	04/05/2020 13:26:29
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+Jx0UaMdmQ6Xlrzvece33w==		
		Páxina	1/1

